

A muller alta **(conto de medo)**

Pedro Antonio de Alarcón

Tradución de Luís de la Calle Carballal



Pedro Antonio de Alarcón

A muller alta (Conto de medo)

Versión galega de Luís de la Calle Carballal

I

Que sabemos! Meus amigos..., que sabemos! –exclamou Gabriel, distinguido enxeñeiro de Montes, sentando debaixo dun piñeiro e preto dunha fonte, no cume do Guadarrama, a legua e media d’El Escorial, no límite divisorio das provincias de Madrid e Segovia; sitio, fonte e piñeiro que eu coñezo e me parece estar a ver, mais cuxo nome esquecín–. Sentémonos, como é de rigor e está escrito... no noso programa –continuou Gabriel–, a descansar e facer pola vida neste ameno e clásico lugar, famoso pola virtude dixestiva da auga dese manancial e polos moitos anos que aquí comeron os nosos ilustres mestres don Miguel Bosch, don Máximo Laguna, don Agustín Pascual e outros grandes naturistas; contareivos unha rara e peregrina historia en comprobación da miña tese..., reducida a manifestar, por máis que me chamedes escurantista, que no globo terráqueo ocorren aínda cousas sobrenaturais: isto é, cousas que non caben na cuadrícula da razón, da ciencia nin da filosofía, tal como hoxe se entenden (ou non se entenden) semellantes “palabras, palabras e palabras”, que diría Hamlet...

Dirixía Gabriel este pintoresco discurso a cinco suxeitos de diferente idade, mais ningún novo, e só un xa entrado en anos; tamén enxeñeiros de Montes tres deles, pintor o cuarto e un pouco literato o quinto; todos os cales subiran co orador, que era o máis novo, en senllas burras de arrendo, desde o Real Sitio de San Lorenzo, a pasar aquel día herborizando os fermosos piñeirais de Peguerinos, cazando bolboretas por meio de mangas de tule, collendo coleópteros raros baixo a casca dos piñeiros doentes e comendo unha carga de víveres friames pagos a escote.

Sucedía isto en 1875, e era no rigor do estío; non lembro se o día de Santiago ou o de San Lois... inclínome a crer o de San Lois. Como queira que fose, gozábbase naquelas alturas dunha frescura deliciosa, e o corazón, o estómago e a intelixencia funcionaban alí mellor ca no mundo social e a vida ordinaria...

En sentándose os seis amigos, Gabriel continuou falando deste xeito:

–Coido que non me tacharedes de visionario... Por fortuna ou desgraza miña son, digámolo así, un home á moderna, nada supersticioso, e tan positivista coma o que máis, aínda que inclúa entre os datos positivos da Natureza todas as misteriosas facultades e emocións da miña alma en materias de sentimento... Pois ben: a propósito de fenómenos sobrenaturais ou extranaturais, ouvide o que eu ouvín e vede o que eu vin, aínda sen ser o verdadeiro heroe da singularísima historia que vou contar; e dicídemme enseguida que explicación terrestre, física, natural, ou como a queiramos chamar, se pode dar a tan maravilloso acontecemento.

“O caso foi como segue... A ver! Botade unha fecha, que xa se refrescaría a pelella dentro desa bulideira e cristiá fonte, colocada por Deus neste pinífero cume para arrefriar o viño dos botánicos!

II

–Pois, señor, non sei se ouvistes falar dun enxeñeiro de Camiños chamado Telesforo X..., que morreu en 1860...

–Eu non...

–Eu ouvín!

–Eu tamén: un rapaz andaluz, con bigote negro, que houbo casar coa filla do marqués de Moreda..., e que morreu de ictericia...

–Ese mesmo! –continuou Gabriel–. Pois ben: o meu amigo Telesforo, meio ano antes da súa morte, era aínda un mozo brillantísimo, como se di agora. Guapo, forte, animoso, coa auréola de ser o primeiro da súa promoción na Escola de Camiños, e acreditado xa na práctica pola execución de notábeis traballos, disputábanlle varias empresas particulares naqueles anos de ouro das obras públicas, e tamén llelo disputaban as mulleres por casar ou mal casadas, e, por suposto, as viúvas impenitentes, e entre elas algunha moi boa moza que... Mais a tal viúva non vén agora a conto, pois a quen Telesforo quixo con toda formalidade foi á súa citada noiva, a pobre Joaquinita Moreda, e o outro non pasou dun amorío puramente usufrutuario...

–Señor don Gabriel, orde!

–Xaora..., si, póñome en orde, pois nin a miña historia nin a controversia pendente se prestan a chanzas nin agudezas. Juan, bótame outro meio vaso... Bo está de verdade este viño! Conque atención e póndevos serios, que agora comeza o lutuoso.

Sucedeu, como saberedes os que a coñecestes, que Joaquina morreu de súpeto nos baños de Santa Águeda na fin do verán de 1859... Atopábame eu en Pau cando me deron tan triste noticia, que me afectou moi especialmente pola íntima amizade que me unía a Telesforo... A ela só lle falara unha vez, cas a súa tía a xenerala López, e por certo que aquela palidez azulada, propia das persoas que teñen un aneurisma, pareceume de certo indicio de má saúde... Mais, en fin, a rapaza valía calquera cousa pola súa distinción, fermosura e garbo; e como amais era filla única de título, e de título que levaba anexos algúns millóns, coñecín que o meu bo matemático estaría inconsolábel... Por conseguinte, non ben me atopei de regreso en Madrid, aos quince ou vinte días da súa desgraza, funo ver unha mañá moi cedo ao seu elegante cuarto de mozo de casa aberta e de xefe de oficina, rúa do Lobo... Non lembro o número, mais si que era moi preto da Carrera de San Jerónimo.

Contristadísimo, aínda que grave e en aparencia dono da súa dor, estaba o xove enxeñeiro a traballar xa naquela hora cos seus axudantes en non sei que proxecto de ferrocarril, e vestido de rigoroso loito. Abrazoume estreitísimamente e por longo anaco, sen lanzar nin o máis leve suspiro; deu enseguida algunhas instrucións sobre o traballo pendente a un dos seus axudantes, e conducíume, en fin, ao seu despacho particular, situado no extremo oposto da casa, dicíndome polo camiño con acento lúgubre e sen me mirar:

–Moito me alegra que viñeses... Varias veces acheite de menos no estado en que me encontro... Ocorríame unha cousa moi particular e estraña, que só un amigo coma ti podería ouvir sen me considerar imbécil ou tolo, e acerca da cal cómpreme ouvir algunha opinión serena e fría coma a ciencia... Séntate... –proseguiu dicindo, cando chegamos ao seu despacho–, e non temas de maneira ningunha que te vaia angustiar describíndoches a dor que me aflixe, e que durará tanto coma a miña vida... Para que? Ti figurarascho doadamente a pouco que entendas de coitas humanas, e eu non quero ser consolado nin agora, nin despois, nin nunca! Do que che vou falar coa detención que require o caso, ou sexa tomando o asunto desde a súa orixe, é dunha circunstancia

horrenda e misteriosa que serviu coma de agoiro infernal a esta desventura, e que ten conturbado o meu espírito até un extremo que che dará espanto...

–Fala! –respondín eu, comezando a sentir, en efecto, non sei que arrepentimento de entrar naquela casa, en vendo a expresión de covardía que se pintou no rostro do meu amigo.

–Ouve... –repuxo el, enxugando a suorenta testa.

III

Non sei se por fatalidade innata da miña imaxinación, ou por vezo adquirido ao ouvir algún daqueles contos de vella con que tan imprudentemente se asusta os nenos no berce, o caso é que desde os meus tenros anos non houbo cousa que me causase tanto horror e susto, ora figurásea mentalmente, ora atopásea na realidade, como unha muller soa, na rúa, a altas horas da noite.

Cónstache que nunca fun covarde. Batinme en duelo, coma calquera home decente, certa vez que cumpría, e recén saído da Escola de Enxeñeiros, acometín a paus e a tiros en Despeñaperros os meus sublevados peóns, até que os reducín á obediencia. Toda a miña vida, en Xaén, en Madrid e noutros varios puntos, andei a deshora pola rúa, só, sen armas, atento unicamente ao coidado amoroso que me facía velar, e se por acaso topei con vultos de má catadura, fosen ladróns ou simples milhomes, a eles lles tocou fuxir ou se botar a un lado, deixándome libre o mellor camiño... Mais se o vulto era unha muller soa, parada ou andando, e eu ía tamén só, e non se vía máis alma viva por ningures... entón (ri se che peta, pero creme) púñanseme os pelos coma sedas; vagos temores asaltaban o meu espírito; pensaba en almas do outro mundo, en seres fantásticos, en todas as invencións supersticiosas que me facían rir en calquera outra circunstancia, e apuraba o paso, ou volvíame atrás, sen que xa se me tirase o susto nin me puidese distraer nin un momento até que me vía dentro da miña casa.

Unha vez nela, botábame tamén a rir e avergoñábame da miña tolemia, servíndome de alivio o pensar que non a coñecía ninguén. Alí decatábame friamente de que, pois eu non cría en trasnos, nin en bruxas, nin en aparecidos, nada debiera temer daquela fraca femia, a quen a miseria, o vicio ou algún accidente desgraciado terían a tal hora fóra do seu fogar, e a quen mellor me estivera ofrecer auxilio por se lle cumpría, ou dar esmola se ma pedía... Repetíase, con todo, a deplorábel escena cantas veces se me presentaba outro caso igual, e conta que xa tiña eu vinte e cinco anos, moitos deles de aventureiro nocturno, sen que xamais me ocorrese lance ningún penoso coas tales mulleres solitarias e trasnoitadoras...! Mais, en fin, nada do dito chegou nunca a adquirir verdadeira importancia, pois aquel pavor irracional disipábaseme sempre tan logo como chegaba á miña casa ou vía outras persoas na rúa, e nin tan sequera o lembraba aos poucos minutos, como non se lembran as equivocacións ou necidades sen fundamento nin consecuencia.

Así as cousas, hai moi preto de tres anos... (desgraciadamente, teño varios motivos para poder fixar a data: a noite do 15 ao 16 de novembro de 1857!) voltaba eu, ás tres da madrugada, a aquela casa da rúa de Jardines, cerca da rúa da Montera, en que lembrarás que vivía daquela... Acababa de saír, a hora tan avanzada, e cun tempo feroz de vento e frío, non de ningún niño amoroso, senón de... (dreicho, aínda que te sorprenda), dunha especie de casa de xogo, non coñecida so este nome pola Policía, mais onde xa se arruinaran moitas xentes, e á cal leváranme aquela noite por primeira... e derradeira vez. Sabes que nunca fun xogador; entrei alí enganado por un mao amigo, na crenza de que todo se ía reducir a trabar coñecemento con certas damas elegantes, de

virtude equívoca (*demi-monde* puro), co adaxo de xogar algúns marabedís ao *Anano*, en mesa redonda, con faldras de baeta; e o caso foi que a iso das doce comezaron a chegar novos seareiros, que ían do teatro Real ou de salóns verdadeiramente aristocráticos, e mudouse o xogo, e saíron a relucir moedas de ouro, despois billetes e logo bonos escritos a lapis, e eu enfrasqueime aos poucos na selva escura do vezo, chea de febres e tentacións, e perdín todo o que levaba, e todo o que posuía, e aínda quedei debendo unha diñeirada... coa nota promisorio correspondente. É dicir, que me arruinei por completo, e que, sen a herdanza e os grandes negocios que tiveren decontado, a miña situación sería moi anguriente e apurada.

Voltaba eu, digo, á miña casa aquela noite, tan a deshora, irto co frío, coa vergoña e o desgusto que podes supor, pensando, máis ca en min mesmo, no meu ancián e doente pai, a quen tería de escribir pedíndolle diñeiro, o cal non lle podería causar como mínimo tanta dor coma abraio, pois considerábame en moi boa e desafogada posición... cando, ao pouco de penetrar na miña rúa polo extremo que dá á de Peligros, e ao pasar por diante dunha casa acabada de construír da beirarrúa que eu levaba, advertín que no oco da súa fechada porta estaba de pé, inmóbil e ríxida, coma se fose de pau, unha muller moi alta e forte, sobre sesenta anos de idade, cuxos malignos e audaces ollos sen pestanas se espetaron nos meus coma dous puñais, mentres que a súa desdentada boca me fixo un aceno horríbel mediante un sorriso...

O propio terror ou o delirante medo que se apoderou de min instantaneamente deume non sei que percepción marabillosa para distinguir de golpe, ou sexa nos dous segundos que tardaría en pasar rozando aquela repugnante visión, os pormenores máis lixeiros da súa figura e do seu traxe... Vou ver se coordino as miñas impresións do modo en que as recibín e tal como se gravaron para sempre no meu cerebro á esmorecida luz do farol que alumou con infernal relampo tan fatídica escena...

Porén excítome de mais, aínda que non sen motivo, como verás máis diante! Descoida, con todo, o estado da miña razón... Aínda non estou tolo!

O primeiro que me chocou naquela que denominarei muller foi o seu elevadísimo talle e a largura dos seus descarnados ombreiros: logo, a redondez e fixeza dos seus murchos ollos de bufo, a enormidade do seu saínte nariz e a gran mela central da súa dentadura, que convertía a súa boca nunha especie de escuro buraco, e, por último, o seu traxe de mozota de Lavapies, o paniño novo de algodón que levaba na cabeza, atado debaixo do queixelo, e un diminuto abano aberto que tiña na man, e co cal cubríase, afectando pudor, o centro do van.

Nada máis ridículo e tremendo, nada máis irrisorio e sarcástico que aquel abaniño nunhas mans tan enormes, servindo como cetro de debilidade a xiganta tan fea, vella e osuda! Igual efecto producía o panucho de vistoso percal que adornaba a súa cara, comparado con aquel nariz de tallamar, aquilino, masculino, que me fixo crer un momento (non sen ledicia) se se trataría dun home disfrazado... Mais a súa cínica mirada e noxento sorriso eran de vella, de bruxa, de feiticeira, de Parca..., non sei de que! De algo que xustificaba plenamente a aversión e o susto que me causaran a miña vida toda as mulleres que andaban soas, de noite, pola rúa...! Diríase que, desde o berce, presentira aquel encontro! Diríase que o temía por instinto, como cada ser animado teme, adiviña, osma e recoñece o seu antagonista natural antes de recibir del ofensa ningunha, antes de o ver, só con sentir as súas pisadas!

Non botei a correr en canto vin a esfínxe da miña vida, menos por vergoña ou por viril decoro, que por temor a que o meu propio medo lle revelase quen era eu, ou lle dese azos para me seguir, para me acometer, para... non sei! Os perigos que soña o pánico non teñen forma nin nome traducíbeis!

A miña casa estaba no extremo oposto da prolongada e angosta rúa en que me atopaba só, enteiramente só, con aquela misteriosa estantiga, a quen cría capaz de me aniquilar cunha palabra... Que facer para chegar até alí? Ah! Con que ansia vía ao lonxe a largacia e moi alumada rúa da Montera, onde cadora hai axentes da autoridade!

Decidín, pois, tirar forzas de fraqueza; disimular e ocultar aquel pavor miserábel; non acelerar o paso, mais gañar sempre terreo, aínda á custa de anos de vida e de saúde, e desta maneira, pouco a pouco, irme achegando á miña casa, procurando moi especialmente non caer antes redondo ao chan.

Así camiñaba...; así andaría xa ao menos vinte pasos des que deixei atrás a porta en que estaba escondida a muller do abano, cando de súpeto se me ocorreu unha idea horríbel, espantosa e, así e todo, moi racional: a idea de virar a cabeza para ver se me seguía a miña inimiga!

“Unha de dúas... –pensei coa rapidez do raio–: ou o meu terror ten fundamento ou é unha tolemia; se ten fundamento, esa muller botaríase detrás de min, estarame a alcanzar e non hai salvación para min no mundo... E se é unha tolemia, unha apreensión, un pánico como calquera outro, convencereime diso no presente caso e para todos os que me ocorran, en vendo que esa pobre anciá ficou no van daquela porta gorecéndose do frío ou agardando a que lle abran; co cal poderei continuar a marchar para a miña casa moi tranquilamente e curareime dunha teima que tanto me avergoña.”

Formulado este razoamento, fixen un esforzo extraordinario e virei a cabeza.

Ah! Gabriel! Gabriel! Que desventura! A muller alta seguírame con xordos pasos, estaba enriba de min, case me tocaba co abano, case asomaba a súa cabeza sobre o meu ombreiro!

Por que? Para que, meu Gabriel? Era unha ladroa? Era efectivamente un home disfrazado? Era unha vella irónica, que comprendera que lle tiña medo? Era o espectro da miña propia covardía? Era a pantasma burleira das decepcións e deficiencias humanas?

Interminábel seríache dicir todas as cousas que pensei nun momento! O caso foi que dei un berro e saín correndo coma un neno de catro anos que xulga ver o coco, e que non deixei de correr até que desemboquei na rúa da Montera...

Unha vez alí, fóiseme o medo coma por ensalmo. E iso que a rúa da Montera estaba tamén senlleira! Virei, pois, a cabeza cara á de Jardines, que enfilaba en toda a súa lonxitude, e que estaba abondo alumada polos seus tres farois e por un reverbero da rúa de Peligros, para que non se me puider escurecer a muller alta se por acaso retrocedera naquela dirección, e como hai Deus que non a vin parada, nin andando, nin de xeito ningún! Con todo, gardeime moi ben de penetrar de novo na miña rúa.

“Esa canalla –díxenme– meteríase no van doutra porta...! Mais en tanto sigan a alumar os farois non se moverá sen que eu non a note desde aquí...”

Niso vin aparecer un sereno pola rúa do Caballero de Gracia, e chameino sen me desviar do meu sitio: díxenlle, para xustificar a chamada e excitar o seu celo, que na rúa de Jardines había un home vestido de muller; que entrase en dita rúa pola de Peligros, á cal debíase dirixir pola da Aduana; que eu permanecería quedo naquela outra saída e que con tal procedemento non se nos podería escapar o que evidentemente era un ladrón ou un asasino.

Obedeceu o sereno, tomou pola rúa da Aduana, e cando vin avanzar o seu farol polo outro lado da de Jardines, penetrei tamén nela resoltamente.

Pronto nos reunimos no seu meio, sen que nin o un nin o outro atopásemos a ninguén, a pesar de rexistrarmos porta por porta.

–Meteríase nalgunha casa –dixo o sereno.

–Iso será –respondín abrindo a porta da miña, con firme resolución de me mudar a outra rúa ao día seguinte.

Poucos momentos despois atopábame dentro do meu cuarto terceiro, cuxo picaporte levaba tamén sempre comigo, a fin de non molestar o meu bo criado José.

Con todo, este agardábame aquela noite! As miñas desgrazas do 15 ao 16 de novembro non concluíran!

–Que ocorre? –pregunteille con estrañeza.

–Aquí estivo –respondeume visibelmente conmovido–, agardando por vostede desde as once até as dúas e media, o señor comandante Falcón, e díxome que, se viña vostede durmir a casa, non se espise, pois el voltaría ao amencer...

Semellantes palabras deixáronme frío de dor e espanto, coma se me notificaran a miña propia morte... Sabedor eu de que meu amadísimo pai, residente en Xaén, padecía aquel inverno frecuentes e perigosísimos ataques da súa crónica doenza, escribira a meus irmáns que no caso dun repentino desenlace funesto telegrafasen ao comandante Falcón, o cal daríame a nova da maneira máis conveniente... Non tiña, pois, dúbida de que meu pai falecera!

Sénteime nunha butaca a agardar polo día e polo meu amigo, e con eles a noticia oficial de tan grande infortunio, e Deus só sabe canto padecín naquelas dúas horas de cruel expectación, durante as cales (e é o que ten relación coa presente historia) non podía separar na miña mente tres ideas distintas, e ao parecer heteroxéneas, que se empeñaban en formar monstruoso e tremendo grupo: a miña perda no xogo, o encontro coa muller e a morte de meu honrado pai!

Ás seis en punto penetrou no meu despacho o comandante Falcón, e miroume en silencio... Boteime nos seus brazos chorando desconsoladamente, e el exclamou acariciándome:

–Chora, si, home, chora! E oxalá esa dor se puidese sentir moitas veces!

IV

Meu amigo Telesforo –continuou Gabriel após que apurara outro vaso de viño– descansou tamén un momento en chegando a este punto, e logo proseguíu nos termos seguintes:

–Se a miña historia terminase aquí, acaso non acharías nada extraordinario nin sobrenatural nela, e poderíasme dicir o mesmo que por entón me dixeron dous homes de moito xuízo aos que llela contei: que cada persoa de viva e ardente imaxinación ten o seu terror irracional; que o meu eran as trasnoitadoras solitarias, e que a vella da rúa de Jardines non pasaría de ser unha pobre sen casa nin fogar, que me ía pedir esmola cando lancei o berro e saín a correr, ou ben unha repugnante Celestina daquel bairro, non moi católico en materia de amores...

Tamén o quixen crer así; tamén o cheguei a crer ao acbo dalgúns meses; non obstante o cal daría entón anos de vida pola seguranza de me non volver encontrar a muller. En troques, hoxe daría o meu sangue todo por ma encontrar de novo!

–Para que?

–Para a matar no acto!

–Non te comprendo...

–Comprenderasme se che digo que volvín topar con ela hai tres semanas, poucas horas antes de recibir a nova fatal da morte da miña pobre Joaquina...

–Cóntame... cóntame...

–Pouco máis teño de che dicir. Eran as cinco da madrugada; voltaba eu de pasar a derradeira noite, non direi de amor, senón de amarguísimos choros e desgarradora contenda, coa miña antiga querida a viúva de T... de quen me precisaba separar por se publicar o meu casamento coa outra infeliz a quen estaban a enterrar en Santa Águeda naquela mesma hora!

Aínda non era día completo; mais xa clareaba a alba nas rúas enfiladas para o leste. Acababan de apagar os farois, e retiráranse os serenos, cando, ao ir cruzar a rúa do Prado, ou sexa a pasar dunha a outra sección da rúa do Lobo, cruzou por diante de min, como vindo da praza das Cortes e dirixíndose á de Santa Ana, a espantosa muller da rúa de Jardines.

Non me mirou, e coidei que me non vira... Levaba a mesma vestimenta e o mesmo abano que había tres anos... O meu azoramento e covardía foron maiores ca nunca! Crucei rapidísimamente a rúa do Prado, logo que ela pasou, ora que téndoa de ollo, para me asegurar que non viraba a cabeza, e cando eu penetrara na outra sección da rúa do Lobo, respirei coma se acabase de pasar a nado unha impetuosa corrente, e bulín de novo a miña marcha cara a acá con máis alegría ca medo, pois consideraba vencida e anulada a odiosa bruxa, no mero feito de estar tan próximo a ela sen que me vise...

De súpeto, e preto xa desta miña casa, acometeume como unha vertixe de terror pensando se a moi raposeira vella me vira e coñecera; se se fixera a desatendida para me deixar penetrar na aínda escura rúa do lobo e me asaltar alí impunemente; se viría atrás de min; se xa estaría preto...

Vírome daquela... e alí estaba! Alí, detrás de min, case tocándome coas súas roupas, mirándome cos seus viles ollíños, amosándome a noxenta mela da súa dentadura, abanándose irrisoriamente, coma se se burlase do meu pueril espanto...

Pasei do terror á máis insensata ira, á furia salvaxe do desespero, e boteime sobre a corpulenta vellouqueira; tireina contra a parede, botándolle unha man á gorxa, e coa outra, que noxo!, púxenme a palpar a súa cara, o seu seo, a lea ruín dos seus cabelos suxos, até que me convencín xuntamente de que era criatura humana e muller.

Ela lanzara entrementes un ouveo rouco e agudo ao mesmo tempo que me pareceu falso, ou finxido, como expresión hipócrita dunha dor e dun medo que non sentía, e logo exclamou, facendo coma que choraba, mais sen chorar, e pola contra mirándome con ollos de hiena:

–Por que a tomou vostede comigo?

Esta frase aumentou o meu pavor e debilitou a miña cólera.

–Logo vostede lembra –gritei– verme xalundes!

–Xaora, miña alma! –respondeu sardonicamente–. A noite de Santo Uxío, na rúa de Jardines, hai tres anos... Sentín frío até os miolos.

–Mais, quen é vostede? –díxenlle sen a soltar–. Por que corre detrás de min? Que ten vostede que ver comigo?

–Eu son unha feble muller... –respondeu diabólicamente–. Vostede ódiame e témeme sen motivo...! E se non, dígame vostede, señor cabaleiro: por que se asustou daquel modo a primeira vez que me viu?

–Porque a aborrezco a vostede des que nacín! Porque é vostede o demo da miña vida!

–De xeito que vostede me coñecía hai moito tempo? Pois mira, fillo, eu tamén a ti!

–Vostede me coñecía! Desde canto?

–Desde antes de que naceses! E cando te vin pasar xunto a min hai tres anos, díxenme para min: “Este é!”

–Mais, quen son eu para vostede? Quen é vostede para min?

–O demo! –respondeu a vella cuspiéndome en metade da cara, librándose das miñas mans e botando a correr velocisamente coas saias refucidas até máis arriba dos xeonllos e sen que os seus pés fixesen ruído ningún ao tocar a terra...

Loucura tentar alcanzala...! Ademais, pola Carrera de San Jerónimo pasaba xa algunha xente, e pola rúa do Prado tamén. Era completamente de día. A muller seguiu a correr, ou a voar, até a rúa das Huertas, alumada xa polo sol; parouse alí a me mirar; ameazándome unha e outra volta esgrimindo o abaniño cerrado, e desapareceu detrás dunha esquina...

Agarda outro pouco, Gabriel! Non xulgues aínda este preito, en que se xogan a miña alma e a miña vida! Óuveme máis dous minutos!

Cando entrei na miña casa encontreime co coronel Falcón, que acababa de chegar para me dicir que miña Joaquina, miña noiva, toda a miña esperanza de dita e ventura sobre a terra, morrera o día anterior en Santa Águeda!

O desgraciado pai telegrafárallo a Falcón para que mo dixese... a min, que o deba adiviñar unha hora antes, ao me atopar co demo da miña vida! Comprendes agora que me cómpre matar a inimiga innata da miña felicidade, a esa inmunda vella, que é como o sarcasmo vivente do meu destino?

Mais, que digo matar? É muller? É criatura humana? Por que a presentín des que nacín? Por que me recoñeceu ao me ver? Por que non se presenta senón cando me sucedeu algunha gran desgraza? É Satanás? É a morte? É a vida? É o Anticristo? Quen é? Que é...?

V

–Fágovos graza, meus queridos amigos –continuou Gabriel–, polas reflexións e argumentos que empregaría eu para tentar tranquilizar a Telesforo; pois son os mesmos, mesmísimos, que estades a preparar agora para me demostrardes que na miña historia non pasa nada sobrenatural ou sobrehumano... vós diredes máis: diredes que o meu amigo estaba meio tolo; que o estivo sempre; que, cando menos, padecía a doenza mental chamada por uns terror irracional e por outros delirio emotivo; que, aínda sendo verdade todo o que refería acerca da muller alta, habería que o atribuír a coincidencias casuais de datas e accidentes; e, en fin, que aquela pobre vella podía tamén estar louca, ou ser unha raspiñeira ou unha mendiga, ou unha zurcidora de vontades, como se dixo para si o heroe do meu conto nun intervalo de lucidez e bo senso...

–Admirábel suposición! –exclamaron os camaradas de Gabriel en variedade de formas–. Iso mesmo iámosche responder nós!

–Pois escoitade aínda uns momentos e veredes que non me equivoquei entón, como vos equivocades agora vós. O que desgraciadamente non se equivocou nunca foi Telesforo! Ah! É moito máis doado pronunciar a palabra tolemia que achar explicación a certas cousas que pasan na Terra!

–Fala! Fala!

–Vou aló; e esta volta, por ser xa a derradeira, retomarei o fío da miña historia sen me beber antes un vaso de viño.

VI

Aos poucos días daquela conversa con Telesforo, destináronme á provincia de Albacete na miña calidade de enxeñeiro de Montes; e non decorreran moitas semanas cando souben, por un contratista de obras públicas, que ao meu infeliz amigo o atacara unha horrorosa ictericia; que estaba enteiramente verde, prostrado nunha cadeira de

brazos, sen traballar nin querer ver ninguén, chorando día e noite con inconsolábel amargor, e que os médicos non tiñan xa esperanza ningunha de o salvar. Comprendín daquela por que non respondía as miñas cartas, e tiven de me limitar a pedir novas súas ao coronel Falcón, que cada vez mas daba máis desfavorábeis e tristes...

Despois de cinco meses de ausencia, retornei a Madrid o mesmo día que chegou o parte telegráfico da batalla de Tetuán... Lémbrome coma do que fixen onte. Aquela noite comprei a indispensábel Correspondencia de España, e o primeiro que lin nela foi a noticia de que Telesforo falecera e a invitación ao seu enterro para a mañá seguinte.

Comprenderedes que non faltei á triste cerimonia. Ao chegar ao cemiterio de San Luis, a onde fun nun dos coches máis próximos ao carro fúnebre, chamou a miña atención unha muller do pobo, vella, e moi alta, que ría impiamente ao ver baixar o féretro, e que logo colocouse en ademán de triunfo diante dos enterradores, sinalándolles cun abano moi pequeno a galería que debían seguir para chegaren á aberta e ansiosa tumba. Á primeira ollada recoñecín, con abraio e pavor, que era a implacábel inimiga de Telesforo, tal como el ma retratara, co seu enorme nariz, cos seus infernais ollos, coa súa noxenta mela, co seu panucho de percal e con aquel diminuto abano, que parecía nas súas mans o cetro do impudor e da mofa...

Instantaneamente reparou en que eu a miraba, e fixou en min a vista dun xeito particular como me recoñecendo, como se decatando de que eu a recoñecía, como sabedora de que o defunto me contara as escenas da rúa de Jardines e da do Lobo, como me desafiando, como me declarando herdeiro do odio que profesara ao meu infortunado amigo.

Confeso que daquela o meu medo foi superior á marabilla que me causaban aquelas novas coincidencias ou casualidades. Vía patente que algunha relación sobrenatural anterior á vida terreal existira entre a misteriosa vella e Telesforo; mais en tal momento só me preocupaba a miña propia vida, a miña propia alma, a miña propia ventura, que correrían serio perigo se chegaba a herdar semellante infortunio...

A muller botouse a rir, e sinaloume ignominiosamente co abano, coma se lera o meu pensamento e denunciase ao público a miña covardía... Eu tiven de me apoiar no brazo dun amigo para non caer ao chan, e entón ela fíxo un aceno compasivo ou desdeñoso, virou sobre os calcañares e penetrou no camposanto coa cabeza volta para min, abanándose e saudándome ao mesmo tempo, e acaneándose entre os mortos con non sei que infernal coquetería, até que, ao cabo, desapareceu para sempre naquel labirinto de patios e columnatas cheos de tumbas...

E digo para sempre, porque pasaron quince anos e non volvín vela... Se era criatura humana, xa debeu de morrer, e se non o era, teño a seguranza de que me desdeñou...

Conque vamos a contas! Decídeme a vosa opinión acerca de tan curiosos feitos! Considerádelos aínda naturais?

Ocioso fose que eu, o autor do conto ou historia que acabades de ler, estampase aquí as contestacións que deron a Gabriel os seus compañeiros e amigos, visto que, á fin e ao cabo, cada lector habrá xulgar o caso segundo as súas propias sensacións e crenzas...

Prefero, por conseguinte, facer punto final neste parágrafo, non sen dirixir o máis cariñoso e expresivo saúdo a cinco dos seis expedicionarios que pasaron xuntos aquel inesquecível día nos frondosos cumes do Guadarrama.

FIN